

**CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA,
PARA O DESENVOLVEMENTO DA FUTURA ESTACIÓN INTERMODAL DE
PONTEVEDRA, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA
OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**

En Pontevedra, a 14 de marzo de 2019

REUNIDOS



Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 95/2018, de 26 de setembro (Diario Oficial de Galicia núm. 118, do 2 de outubro de 2018) e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.



D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, en virtude da representación legal atribuída polo artigo 124.1 e 4 a) da Lei de Bases do Réxime en relación co artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, segundo nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación na súa sesión constitutiva do 13 de xuño do 2015; no nome e representación do Concello de Pontevedra.

Os reunidos recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para formalizar o presente convenio de colaboración en nome das súas respectivas Administracións.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no artigo 148.5 da Constitución Española e no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ostenta competencias exclusivas en materia de ferrocarrís e estradas, non incorporadas á rede do Estado, cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte desenvolvido por estes medios ou por cable.



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 37/2017, do 16 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica de devandita Consellería, modificado polo Decreto 1/2018, de 11 de xaneiro, e no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte. En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, así como a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as.



O Concello de Pontevedra é titular de competencias en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística de conformidade co establecido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das bases de Réxime Local.

Convida a necesidade e a oportunidade de subscribir o presente Convenio de Colaboración, as partes asinantes,



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que en novembro de 2016 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia elaborou o “Estudo de alternativas de mellora da intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano na cidade de Pontevedra”.

SEGUNDO.- Que o 2 de agosto de 2017 asinouse o “Convenio Marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Pontevedra”.



TERCEIRO.- Que o dito convenio establecía na súa estipulación PRIMEIRA a finalidade de establecer o marco xeral, as pautas e a metodoloxía que deben regular as relacións entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, para a execución e desenvolvemento da nova estación intermodal de Pontevedra.

CUARTO.- Que o Convenio Marco establecía na súa estipulación PRIMEIRA coma obxecto do dito convenio as obras de adecuación da estación de autobuses de Pontevedra para dar resposta ás necesidades actuais, así como a realización dos estudos técnicos e económicos necesarios para a definición daquelas actuacións orientadas ao desenvolvemento global da futura Estación Intermodal de Pontevedra e a súa contorna urbana.

QUINTO.- Que o dito Convenio Marco establecía na súa estipulación SEGUNDA os seguintes obxectivos:

- *Mellorar as instalacións da estación de Pontevedra para dar cobertura ás necesidades actuais.*
- *Promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, mediante a mellora da intermodalidade en Pontevedra que poña a disposición do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.*
- *Mellorar o tránsito de autobuses e peóns na contorna da estación de autobuses de Pontevedra.*

- *A realización dos estudos técnicos e económicos para a definición das actuacións necesarias para o desenvolvemento global do ámbito definido e do futuro conxunto intermodal, nos que se contemple de forma máis concreta:*
 - *A determinación dos custos das devanditas actuacións con suficiente grao de aproximación e o establecemento das fórmulas para o seu financiamento e no seu caso, asignación ás administracións responsables da mesma.*
 - *O estudo das determinacións a incluír no plan urbanístico do ámbito da futura Estación Intermodal de Pontevedra, completando a infraestrutura viaria que garanta a adecuada conexión co sistema xeral viario e a mobilidade na súa contorna de carácter peonil e rodado.*



SEXTO.- Que o 13 de novembro de 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia asinou o “contrato de servizo para a redacción do proxecto construtivo da adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobús e ferroviaria de Pontevedra” con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciando o 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020; en cumprimento dos obxectivos do Convenio Marco e dos compromisos da consellería adquiridos no dito convenio.

SÉTIMO.- Que o 8 de marzo de 2018 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia asinou o “contrato de servizo para a redacción do proxecto básico e de execución da reforma da actual estación de autobús de Pontevedra” con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia; en cumprimento dos

obxectivos do Convenio Marco e dos compromisos da consellería adquiridos no dito convenio.

OITAVO.- Que a estipulación QUINTA do Convenio Marco sinalaba que:

Os acordos incluídos no presente Convenio Marco de Colaboración requirirán, para ser vinculantes, o seu desenvolvemento a través dos correspondentes Convenios de desenvolvemento que se subscribirán, previa tramitación necesaria no seu caso, entre as entidades intervinientes.

En todo caso, para a tramitación e formalización das achegas económicas das Administracións asinantes, unha vez coñecidos con exactitude os custos das actuacións segundo a memoria valorada aceptada polas partes, procederase a subscribir un Convenio de Colaboración de acordo coa lexislación vixente na materia que recollerá as obrigacións que financieramente deban asumir as respectivas Administracións e as súas contraprestacións.

NOVENO.- Que unha vez redactados os proxectos básicos aos que se refiren os exponendos SEXTO e SÉPTIMO e en cumprimento da estipulación QUINTA do Convenio Marco procédese a elaborar o presente Convenio.



Por todo o exposto, as partes reunidas en virtude da representación que ostentan conveñen subscribir o presente Convenio Marco de Colaboración sobre a base das seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Pontevedra para a execución das actuacións orientadas ao desenvolvemento global da futura estación intermodal de Pontevedra e a súa contorna urbana.



Estas actuacións serán as reflectidas nos proxectos de execución “Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra” e “Reforma da actual estación de autobuses de Pontevedra” que desenvolverán a memoria valorada, que inclúe plano de planta, incorporada como anexo I ao presente convenio.

SEGUNDA.- Custo das actuacións

O conxunto das dúas actuacións ascende á cantidade de **SEIS MILLÓNS CENTO CINCUENTA E UN MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (6.151.669,87 €; IVE incluído)**, distribuído do seguinte xeito:

1. A “Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra”, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 estímase nun orzamento base de licitación de **TRES MILLÓNS TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CINCO EUROS (3.375.952,65 €; IVE incluído)** e recolle, entre outras, as seguintes actuacións:

- 
- Conexión peonil entre estacións.
 - Humanización da praza e aparcadoiro de turismos da cara norte da estación.
 - Acceso para autobuses polo sur da estación dende a Avda. Josefina Arruti e adecuación de dársenas.
 - Adecuación do cauce do río Gafos no lindeiro da estación de autobuses.

O orzamento base de licitación dos contratos de dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde, asistencia ambiental e os servizos de control, vixilancia e auditorías de calidade necesarios para a execución destas obras, estimouse nun 6% do orzamento das mesmas, **DOUSCENTOS DOUS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (202.557,16 €; IVE incluído)**, que serán cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

2. A “Reforma da actual estación de autobuses de Pontevedra” estímase nun orzamento base de licitación de **DOUS MILLÓNS CATROCENTOS VINTE E SETE MIL CINCOCENTOS NOVE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.427.509,49 €; IVE incluído)** e recolle, entre outras, as seguintes actuacións:

- Renovación de fachada, cuberta e interiores adaptándoa á imaxe das estacións intermodais de Galicia.
- Mellora de instalacións e eficiencia enerxética.
- Mellora dos sistemas de información e sinalética.

O orzamento base de licitación dos contratos de dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde, asistencia ambiental e os servizos de control, vixilancia e auditorías de calidade necesarios para a execución destas obras, estimouse nun 6% do orzamento das mesmas, **CENTO CORENTA E CINCO MIL SEISCENTOS CINCUENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (145.650,57 €; IVE incluído).**



TERCEIRA.- Financiamento

O financiamento das actuacións, cuxo custo estimado é de **6.151.669,87 €**, IVE incluído, será asumido nun 75% pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Dirección Xeral de Mobilidade, e nun 25% polo Concello de Pontevedra coa seguinte distribución:

Organismo	2019	2020	TOTAL
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	1.845.500,96 €	2.768.251,44 €	4.613.752,40 €
Concello de Pontevedra	615.166,99 €	922.750,48 €	1.537.917,47 €
TOTAL	2.460.667,95 €	3.691.001,92 €	6.151.669,87 €

A porcentaxe do custo estimado a asumir en cada unha das dúas actuacións obxecto do presente convenio é o seguinte:

	CIM	Concello PO
Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra	57,02 %	42,98 %
Reforma da actual estación de autobuses de Pontevedra	100 %	0 %
Actuación total	75%	25%



Con carácter previo á sinatura do convenio, o Concello de Pontevedra achegará un Decreto da Alcaldía ou documento equivalente que acredite o compromiso de gasto para cada exercicio orzamentario; e, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o documento contable ou semellante con crédito adecuado e suficiente para asumir as obrigas presentes e futuras derivadas deste convenio.

CUARTA.- Compromisos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, actuará como promotora das obras de “Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra” e “Reforma da actual estación de autobuses de Pontevedra”, en base aos proxectos construtivos redactados pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Para o que se obriga a:

- Pór a disposición tódolos instrumentos legais existentes para facilitar a tramitación urbanística necesaria para dar cobertura ás actuacións previstas no presente Convenio.
- Licitat, adxudicar, executar e dirixir as obras de “Reforma da actual estación de autobuses de Pontevedra” e os contratos de servizo necesarios para a súa execución (dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde, asistencia ambiental, servizos de control, vixilancia e auditorías de calidade).



Financiar os contratos de obra e de servizos necesarios para a execución das actuacións de “Reforma da actual estación de autobuses de Pontevedra”, para o que destinará a cantidade estimada de **2.573.160,06 €, (100% do total da obra)** con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na aplicación orzamentaria 08 02 512A 610.0 código de proxecto 2016 00296, e de acordo con seguintes anualidades:

2019.....1.029.264,02 €

2020.....1.543.896,04 €

En caso de que durante a execución deste contrato resulte necesaria a súa modificación ou xurdan outras incidencias con contido económico, estas serán integramente financiadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

- Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras de “Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra” e os contratos de servizo necesarios para a súa execución (dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde, asistencia ambiental, servizos de control, vixilancia e auditorías de calidade), así como instar as autorizacións de Augas de Galicia e da Administración titular da Estación do ferrocarril necesarias para a execución da obra.
- Financiar os contratos de obra e de servizos necesarios para a súa execución das actuacións “Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobús e ferroviaria de Pontevedra” para o que destinará a cantidade estimada de **2.040.592,34 €, o 57,02 % do total do presuposto da actuación**, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na aplicación orzamentaria 08 02 512A 600.0 código de proxecto 2017 00010, cofinanciando o 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, e de acordo con seguintes anualidades:

2019.....816.236,94 €

2020.....1.224.355,41 €


En caso de que durante a execución deste contrato resulte necesaria a súa modificación ou xurdan outras incidencias con contido económico, estas serán integramente financiadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

- Poñer en coñecemento do Concello de Pontevedra e convidar a un representante municipal ao acto formal de recepción das obras. O acto de recepción se rexerá polo artigo 243 da lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público. Esta recepción determina o nacemento da obriga asumida polo Concello na cláusula QUINTA, último parágrafo, respecto da conservación e mantemento das novas infraestruturas e instalacións resultantes das actuacións que non sexan propiamente estación de autobuses, tal e como figuran nos correspondentes proxectos.



QUINTA.- Compromisos do Concello de Pontevedra

- Prestar a súa conformidade ao proxecto de “Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra” previamente redactado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e ás posibles modificacións ou outras incidencias con contido económico, que xurdan; proxecto que terá a condición de proxecto de obra ordinaria de urbanización co-financiado polo Concello e, polo tanto, exento do pagamento de taxas e ICIO (Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras) para a súa execución.
- Prestar a súa conformidade ao proxecto de “Reforma da actual estación de autobuses de Pontevedra” e tramitar a correspondente licenza de obras necesaria para a súa execución.




- Promover e tramitar ata a súa aprobación definitiva as xestións necesarias para que a Xunta de Galicia poida desenvolver, no ámbito da actual estación de autobuses, as actuacións contempladas no presente convenio.
- Poñer a disposición da Xunta de Galicia, co carácter previo á licitación das obras correspondentes, de maneira gratuíta e libre de cargas e gravames, aqueles terreos e aproveitamentos que sexan necesarios para a execución das actuacións contempladas no presente Convenio.
- Financiar os contratos de obra e de servizos, necesarios para a súa execución, da actuación "Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra" con cargo aos orzamentos xerais do Concello, para o que destinará a cantidade estimada de **1.537.917,47 €**, **o 42,98% do total do presuposto da actuación** e que se corresponden co 25% do financiamento do custo total das actuacións previstas neste convenio e que poderán ser obxecto de cofinanciamento con outras administracións, de acordo coas seguintes anualidades:

2019.....615.166,99 €

2020.....922.750,48 €

Desta achega deducirase o total das baixas de licitación dos contratos de obra e de servizos necesarios para a execución da "Adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e ferroviaria de Pontevedra".



14

En caso de que durante a execución deste contrato resulte necesaria a súa modificación ou xurdan outras incidencias con contido económico, estas serán integramente financiadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

- A achega do Concello de Pontevedra realizarase con cargo aos orzamentos xerais do Concello de acordo coas citadas anualidades.

Os libramentos realizaranse da seguinte maneira: a achega correspondente ao exercicio 2019 unha vez licitada a obra, nun prazo máximo de un mes a contar dende a formalización do contrato. A anualidade correspondente ao exercicio 2020 librarase unha vez se acredite o gasto correspondente ao exercicio anterior nun prazo máximo de 2 meses a contar dende o día seguinte á recepción polo Concello de Pontevedra da dita acreditación.

Estes libramentos teñen a consideración de pagos parciais. Polo que, finalizada a execución das obras, procederase a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, no seu caso, pola Xunta de Galicia, as cantidades excedentes que resulten por todos os conceptos.

- Asumir o uso, a explotación, conservación e mantemento das infraestruturas e instalacións resultantes das actuacións que non sexan propiamente estación de autobuses, en concreto: praza da estación e aparcadoiro para turismos, paso peonil cuberto, e actuacións no río Gafos, segundo figura no plano do anexo I e unha vez producido o acto formal de recepción das obras. Reservaranse 5 prazas no aparcadoiro para turismos para uso exclusivo do persoal da estación de autobuses. Tamén se asumirá o uso, explotación, conservación e mantemento da beirarrúa que o Concello poida executar na rúa Otero Pedrayo sobre os lindeiros da estación que se grafitan no anexo.

- Solicitar autorización á Xunta de Galicia para a realización de obras nas actuacións do parágrafo anterior que estean executadas sobre terreos titularidade da Xunta de Galicia.
- Asumir a titularidade das actuacións realizadas sobre terreos propiedade do Concello de Pontevedra.

Sobre as obras realizadas nos seus terreos, o Concello asume a obriga de garantir a durabilidade da operación durante os cinco anos seguintes á súa finalización e pagamento final, nos termos previstos no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Consello.

Someterse ás actuacións de comprobación así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas Europeo, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Consello.

SEXTA.-Comisión de Seguimento

Aos efectos de velar polo cumprimento das obrigas contraídas por cada unha das partes asinantes crearase unha Comisión de Seguimento composta por un representante da

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e un representante do Concello de Pontevedra.

Dita Comisión asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada unha das partes e, en particular, aos respectivos órganos de contratación, as seguintes funcións:

- 
1. Realizar o seguimento técnico e económico das obras sen prexuízo das competencias que correspondan a cada Organismo. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin. Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
 2. Resolver as posibles controversias que puidesen xurdir durante a aplicación do presente convenio.
 3. Propoñer reaxustes de anualidades para axustar as achegas financeiras ao ritmo de execución das obras.

Os membros da Comisión de Seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse cunha periodicidade polo menos semestral, adoptándose os acordos que procedan por unanimidade dos membros.

Ás reunións de devandita Comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, aqueles técnicos cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das funcións que ten encomendadas.

A Comisión de Seguimento poderá delegar nunha Subcomisión Técnica, designada ao efecto, o estudo dos aspectos técnicos pertinentes dos proxectos e obras, reservándose en todo caso a decisión final sobre os mesmos.

A representación da Xunta de Galicia presidirá a Comisión de Seguimento.

SÉTIMA .- Modificación e resolución do convenio

O presente convenio poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes asinantes.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- 
- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen terse acordado a súa prórroga.
 - O acordo unánime de todos os asinantes.
 - O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte cumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

En caso de resolución do convenio, todos os dereitos e obrigacións nacidos con anterioridade á extinción do mesmo serán cumpridos polas partes nos termos que

acorden, sen prexuízo da liquidación do convenio, nos termos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio perfeccionácese coa prestación do consentimento das partes e a súa vixencia finalizará unha vez executadas as obras, de acordo coa programación prevista no convenio e trala comunicación, por parte da Xunta de Galicia, da finalización e recepción das mesmas, sen que este prazo poida ser superior a 4 anos, sen prexuízo das prorrogas que poidan acordar as partes.



NOVENA.- Natureza xurídica

Este convenio ten natureza xurídica administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel establécense e, na súa falta, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En consecuencia as dúbidas e controversias que poidan xurdir con motivo da interpretación e aplicación deste convenio e que non fosen liquidadas pola Comisión de Seguimento do mesmo, resolveranse polas normas aplicables en dereito, e serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



DÉCIMA .- Datos de carácter persoal

A firma do presente convenio supoñerá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan por triplicado o presente Convenio no lugar e data ao principio indicados.

Pola Consellería de Infraestruturas

e Mobilidade



Ethel Vázquez Mourelle

Polo Concello de Pontevedra



Miguel Anxo Fernández Lores

ANEXO I





NOVISO ACCESO A ESTACIÓN DE AUTOBUSES



ABECUACIÓN RÍO GARCOS

PLAZA DE ACCESO
INTERMODALIDAD

REPAVIMENTACIÓN PARSENA AUTOBUSES

- PARCELA ESTACIÓN DE AUTOBUSES
- MANTENIMIENTO CONCELLO DE PONTEVEDRA
- MANTENIMIENTO XUNTA DE GALICIA
- PLAZAS RESERVADAS PARA LA ESTACIÓN DE AUTOBUSES

ESTACIÓN DE TREN

RUA DE RABIN DE OTISO PRISAL

RUA EDUARDO PONDAL

RUA GONZALEZ

PONTE